

Χεόrxicas

Libro I

Dedicatoria a Mecenas e invocación aos deuses protectores da agricultura (1-42)

Que é o que volve as terras fértiles, Mecenas, en que época convén voltear a terra e atar as vides aos olmos², cal é o coidado dos bois, que traballo é necesario para manter o gando, que experiencia para as parcas abellas, a partir de aquí vou comezar a cantalo.

Vós, cegadoras luminarias do mundo, que conducides o ano escorregando polo ceo; Líber e Ceres nutricia³, se co voso favor a terra mudou a landra caonia⁴ pola fecunda espiga, e mesturou as augas do Aqueloo⁵ coas uvas recentemente descubertas; e vós, Faunos, divindades protectoras do agreste –vinde a un tempo Faunos e Dríades: canto os vosos dons⁶–; e ti, Neptuno, para quen a terra, nada máis ser golpeada co tridente, pariu o cabalo que rincha⁷; e ti, habitante dos bosques, en cuxo honor trescentos niveos

2 Técnica mediante a que se fai rubir a vide polo tronco e as pólas dun olmo, formando distintos chanzos.

3 Líber é un sobrenome de Baco, o deus do viño, e Ceres é a deusa da terra cultivada e, especialmente, do trigo.

4 As landras considerábanse o primeiro alimento do home primitivo; aquí chámanse caonias facendo alusión á cidade grega de Dodona, famosa polas súas aciñeiras e o seu oráculo.

5 Río grego da rexión de Etolia. Alude aquí Virxilio á auga como primeira bebida do home primitivo, que logo descubriu o viño e comezou a mesturar ambos os líquidos.

6 Os Faunos son divindades campestres que protexen os rabaños, as Dríades asóciase cos carballos, aciñeiras e árbores en xeral.

7 Neptuno, o deus do mar, competiu coa deusa Minerva polo patrocínio de Atenas: ela fixo brotar unha oliveira, el fixo saír do seu tridente un cabalo (ou unha fonte de auga salgada, segundo outras versións do mito).

xovencos pacen nas fértiles matogueiras de Cea⁸; vente ti tamén, Pan, gardián das ovellas, deixando o bosque paterno e os prados do Liceo, se acaso te preocupan os teus campos ménalos, Texeo, propicio⁹, e Minerva, descubridora da oliveira, e ti, neno, que ensinas o curvo arado¹⁰, e ti, Silvano, que levas un tenro ciprés con raíz¹¹: deusas e deuses todos, que vos dedicades a protexer os campos, que alimentades novos froitos sen semente ningunha, que mandades dende o ceo abundante chuvia para os campos sementados.

E sobre todo ti, para quen non se sabe que assembleas terán os deuses posteriormente, César¹², xa queiras visitar cidades e o coidado das terras, e te reciba o mundo enteiro como creador dos froitos e señor do tempo, coas tempos cinguidas polo mirto materno; xa veñas como deus do inmenso mar e os mariñeiros adoren unicamente a túa divindade, que a ti te sirva a afastada Tule, e Tetis te merque como xenro para ela coas ondas todas¹³, ou xa sexa que te engadas aos meses lentos, polo espazo que se estende entre Erígone e as Quelas que a seguen –xa o propio Escorpión,

8 Referencia ao pastor Aristeo, que aparecerá de novo no libro IV, e que vivía dedicado á agricultura e a gandería na illa de Cea, no mar Exeo.

9 Pan é unha divindade protectora de pastores e rabaños procedente de Arcadia, rexión na que se atopan os montes Liceo e Ménalo. O epíteto Texeo vénlle dado a partir de Texea, zona da Arcadia na que o deus tiña un culto importante.

10 O neno é Triptólemo; seus pais acolleran hospitalariamente a Ceres en Eleusis, e a deusa recompensounos ensinándolle ao neno a sementar.

11 Divindade protectora dos bosques. A súa representación cun ciprés débese, segundo algunhas tradicións, a que este deus amaba o mozo Cipariso, que tras morrer de pena foi transformado en ciprés para poder chorar eternamente.

12 Virxilio invoca a protección de Augusto como divindade, sen saber aínda cal será o seu papel tras a morte: quizais reine sobre a terra, cinguido co mirto consagrado a Venus (que se considera a orixe da familia Xulia).

13 Tamén pode que Augusto acabe reinando sobre os mares: Tule é o nome dunha localización xeográfica non precisa, ás veces unha illa, situada nos confíns do mundo coñecido; Tetis é a muller do Océano e nai das Océanides, e pode que Augusto case cunha destas mozas mediante un matrimonio por compra.

ardente, encolleu os brazos e deixou para ti unha parte do ceo máis ca suficiente¹⁴–; sexas o que sexas –pois nin te agarda como rei o Tártaro, nin che veña a ti tan funesto desexo de reinar, aínda que Grecia admire os Campos Elíseos e Proserpina non se preocupe de seguir a súa nai, que a chama¹⁵– concédeme unha travesía sinxela e favorece os meus audaces proxectos; avanza comigo, compadecido dos labregos que descoñecen o camiño, e afaite dende agora a ser invocado con ofrendas.

14 Outra posibilidade é que Augusto acabe no ceo en forma de astro, nos meses aludidos como lentos, que serán denominados xullo e agosto precisamente en honor de César e Augusto, respectivamente, e que se sitúan entre as constelacións de Virgo (aquí aludida mediante Erígone, a filla de Ícaro, que morreu de dor tras perder a seu pai) e Escorpión (as Quelas son as pinzas do escorpión, que despois de xeito separado tomaron o nome de Libra).

15 Finalmente, o poeta nega que Augusto poida acabar reinando no mundo subterráneo, aludido aquí polo Tártaro ou conxunto dos espazos de ultratumba, e polos Campos Elisios, rexión dos infernos na que estaban as almas dos virtuosos e dos heroes. Proserpina reinaba sobre estes dominios xunto a Plutón, que a raptara, provocando que súa nai Ceres a buscase sen descanso.

Traballos do campo durante o ano e observación do clima e dos tipos de terreo (42-70)

No comezo da primavera, cando nos brancos montes se derrete o xeo e o terrón se desfai en po a causa do Céfito¹⁶, que comece, ao meu parecer, o touro a xemer co arado afundido, e a resplandecer a reixa desgastada polo rego. Só responderá ao avarento labrego aquela terra que sentiu dúas veces o sol e dúas veces o frío: as súas inmensas colleitas rebentan os hórreos¹⁷.

Mais antes de romper co ferro unha superficie descoñecida, convén investigar os ventos e o clima cambiante, así como os cultivos tradicionais e as calidades de cada lugar, e o que produce cada zona e o que rexeita cada unha delas. Aquí o cereal, alí daranse mellor as viñas; noutro lugar collen forza os froitos das árbores e as herbas espontáneas. Acaso non ves como o Tmolo¹⁸ envía aromas de azafrán, a India marfil, os delicados sabeos¹⁹ os seus incensos, os cálibes nus²⁰ o ferro e o Ponto o fétido castóreo²¹, e o Epiro as palmas das bestas da Élide²²?

16 Vento do oeste que favorecía a chegada da primavera.

17 Virxilio recomenda arar a terra catro veces ao ano, marcando diferenzas con outros autores romanos que prescriben menos traballos.

18 Monte situado en Lidia, Asia Menor.

19 Os pobos orientais eran considerados efeminados en xeral polos romanos.

20 Pobo da costa do mar Negro.

21 Substancia extraída dunhas bolsas situadas arredor dos xenitais dos castores, que no mundo antigo tiña uso medicinal.

22 O Epiro, unha rexión do noroeste de Grecia, era famoso polas súas bestas, que corrían con éxito nos xogos olímpicos da Élide.

Dende sempre a natureza impuxo a determinados lugares estas leis e pactos eternos, dende os tempos nos que Deucalión lanzou pedras ao mundo baleiro, de onde naceron os homes, unha raza dura²³. Entón veña!, que os fortes touros remexan o solo fértil decontado, dende os primeiros meses do ano, e que o verán coza os poeirentos terróns cos raios de sol que se estenden no seu tempo; mais se a terra non fose fecunda, será suficiente levantala cun lixeiro suco baixo o mesmo Arturo²⁴: non sexa que alí as herbas danen abondosas plantas, e aquí a escasa humidade deixe a terra estéril.

23 Alusión ao mito segundo o cal Deucalión, tras sobrevivir ao diluvio universal con Pirra, repoboou o mundo lanzando pedras que se ían convertendo en seres humanos.

24 Estrela que forma parte da constelación do Boieiro e coa que se identifica a chegada do outono.

Distintos métodos de cultivo e coidados (71-117)

Ao mesmo tempo, permitirás que descansen en barbeito as terras segadas, e que o campo inactivo se fortaleza co abandono; ou, tras mudar a estación, has sementar dourado trigo amidoeiro alí onde antes arrincaches fértiles leguminosas de tremente vaíña, ou o delicado froito da veza e as fráxiles canas do amargo chícharo bravo, rumoroso bosque. Pois queima o campo o liño, quéimao a avea, quéimano as durmideiras, cheas de sono do Lete²⁵. Pero o traballo é sinxelo facendo alternancias, sempre e cando non te avergoñe encher o chan árido de graxento esterco, nin botar noxenta cinsa polos agros consumidos. Así tamén descansan as leiras cos cultivos alternados, e a terra ten algo de beleza mentres está sen arar.

A miúdo foi de proveito abrasar os campos estériles e queimar delicados restrollos con crepitantes lapas: xa sexa porque mediante isto as terras collen forzas ocultas e abundante sustento, ou porque nelas, por acción do lume, se coce todo o malo e se evapora a humidade prexudicial; ou porque esa calor abre múltiples vías e respiradoiros ocultos, por onde chega o zume ás plantas novas, ou porque endurece e aperta máis as veas abertas, para que a chuvia fina, a viva forza do sol impetuoso ou o frío penetrante do Bóreas²⁶ non as queime.

25 O río Lete sitúase nos infernos, e as súas augas fan que quen as bebe esqueza a súa vida na terra. A durmideira tamén produce perda de memoria transitoria ao ser inxerida.

26 Vento do norte.

Ademais axuda moito os campos quen rompe os terróns estériles cos angazos e arrastra canizos de vimbio, e non en van mírao a dourada Ceres dende o alto Olimpo; tamén quen, tras volver de novo o arado, fende en oblicuo os lombos que ergue na superficie labrada, traballa a miúdo a terra e controla os campos.

Pedide, labregos, veráns húmidos e invernos tranquilos; co po invernal o trigo é moi abundante, e o campo, fértil: até tal punto, sen ningún cultivo, presume a Misia, e o mesmo Gárgara se admira das súas colleitas²⁷. Que vou dicir daquel que, tras espaxar a semente, traballa continuamente os campos e desfai os montóns de terra infértil, despois conduce cara ás zonas sementadas o río e as presas que o seguen, e, cando o campo abrasado se queima con herbas moribundas, fai saír auga pola crista dun camiño empinado? Ela, ao caer polas pedras lisas, produce un ronco murmurio, e coa súa corrente tempera os ardentes campos. E que direi daquel que, para que a cana non se incline polas pesadas espigas, bota o gando para que paza o exceso da colleita na herba tenra, tan pronto como o sementado iguala os regos? E daquel que con absorbente area elimina a auga estancada en pozas? Sobre todo se nos meses dubidosos o río reborda, caudaloso, e o ocupa todo amplamente con denso limo, de onde as lagoas escavadas destilan unha humidade tépeda.

27 A Misia era unha rexión moi fértil en Asia Menor; o Gárgara é unha cima elevada na cordilleira do Ida, e tamén o nome dunha cidade que se erguía ao seu pé.

Pragas e dificultades (118-159)

E, porén, aínda que se practiquen estes traballos de homes e bois para remexer a terra, causan dano o insaciábel pato, as grúas do río Estrimón²⁸ e a chicoria silvestre de amargas raíces, ou fai mal a sombra. O mesmo Pai²⁹ quixo que non fose sinxelo o proceso de cultivar, e foi o primeiro en poñer en marcha os campos por medio da técnica, espertando con preocupacións os corazóns mortais, e non permitiu que os seus reinos se paralizasen coa perigosa preguiza. Antes de Xúpiter ningún labrego traballaba as terras: tampouco estaba permitido marcar nin dividir con lindes ningún campo; procuraban en común, e a propia terra producíao todo con maior liberdade, sen que ninguén o pedise. El puxo o prexudicial veneno nas negras serpes, e mandou aos lobos cazar e ao mar moverse, quitou o mel das follas³⁰, fixo desaparecer o lume e detivo o viño que por todas as partes corría en ríos, para que a necesidade, mediante a práctica, fixese saír pouco a pouco diversas técnicas, e buscábase nos regos a planta do trigo, e fixese brotar o lume oculto nas veas do pedernal. Entón os ríos sentiron por primeira vez os chopos ocos, daquela o mariñeiro numerou as estrelas e deulles os nomes

28 O río Estrimón, situado entre Tracia e Macedonia, era frecuentado polas grúas durante a súa migración dende África cara a Europa.

29 Xúpiter, que tras destronar a Saturno remata coa Idade de Ouro: un tempo no que os seres humanos non tiñan que traballar para conseguir alimentos nin coñecían as guerras nin o sufrimento. O reinado de Xúpiter dá pé á explicación mitolóxica do traballo humano.

30 O home primitivo da Idade de Ouro accedía libremente ao mel, que aparecía nas follas.

de Pléiades, Híades e a brillante Osa, de Licaón³¹. Entón descubriuse como cazar as feras co lazo e como enganar con trampas, e como rodear con cans os grandes bosques; e outro xa golpea coa rede o ancho río, buscando o fondo, e outro arrastra polo mar húmidas mallas. Entón chegaron a dureza do ferro e a folla da aguda serra –pois ao principio fendían a fráxil leña con cuñas–, entón tamén as diversas técnicas. Todo o venceu o traballo obstinado, e a necesidade imperiosa nos momentos duros.

Ceres foi a primeira en ensinarlles aos mortais a virar a terra co ferro, cando xa escaseaban as landras e os érbedos do bosque sagrado, e Dodona negaba o sustento. Despois engadiuse tamén unha calamidade ao trigo: que o nocivo caruncho consumise as canas e o lento cardo se encrespase nos campos; morren as colleitas, medran a áspera maleza, a labaza e o abrollo, e entre o brillante cultivo dominan o funesto xoio e as aveas infecundas. Por iso, se non persegues sen descanso a herba con frecuentes angazadas, se non espantas os paxaros con ruído, nin dominas coa gadaña a sombra do espeso campo, nin invocas con súplicas a chuvia, aí!, en van contemplarás o gran montón de outro e calmarás a fame no monte, abaneando aciñeiras.

31 As Pléiades son unha constelación formada por sete estrelas, de vital importancia para a navegación. As Híades son as fillas de Atlas transformadas en estrelas. O mito correspondente á Osa Maior conta que Calixto (filla de Licaón, rei da Arcadia) fora violada por Xúpiter e convertida en osa por Xuno a modo de vinganza; Xúpiter, compadecido, transformouna posteriormente en constelación.

As ferramentas do labrego (160-175)

Hai que dicir tamén cales son as armas dos duros labregos, sen as que non se puideron sementar nin facer medrar as colleitas: a rella e primeiramente a pesada robustez do curvo arado, os carros da nai de Eleusis, lentos ao rodar³², e os trillos, as grades e os raños, de excesivo peso; tamén o vulgar instrumental de vimbio de Celeo, o canizo de érbedo e a peneira mística de Íaco³³; cousas todas que has lembrar ter previstas con antelación se está destinada a ti a gloria do divino campo. Decontado, dobrado con gran forza no monte, doméase un olmo para o rostro, e recibe a forma do curvo arado. A este, dende o tronco, adáptanselle o temón –que se estende oito pés–, dúas orelleiras e o dental de dobre dorso. Antes córtanse tamén un tileiro fino para o xugo e unha alta faia para a rabela, que faga virar o arado baixo, e o fume pon a proba a madeira, colgada sobre o lume³⁴.

32 En Eleusis, preto de Atenas, celebrábase un importante culto a Ceres no que unha imaxe da deusa era levada en carros.

33 Celeo era o rei de Eleusis cando Ceres chegou alí buscando a filla, que fora raptada por Plutón. Íaco, ás veces identificado con Baco, era unha divindade importante nos misterios de Eleusis que se representaba portando un facho. A peneira era un símbolo da purificación.

34 A madeira sometíase á proba do fume para detectar posíbeis puntos débiles.